

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE ABRIL DE 2025, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
(Escusa asistencia)	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día trinta de abril de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (26/03/2025).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación do Regulamento municipal para a concesión de condecoracións, honores e distincións do Concello de Vedra (Expediente núm. 2025/G014/000001)

O pleno do Concello de Vedra en sesión celebrada o día 19.09.1997 aprobou o Regulamento Municipal para a concesión de condecoracións, honores e distincións do Concello de Vedra.

Proponse ao pleno:

PRIMEIRO.- Modificar o Capítulo V.- Da Medalla de Vedra, que quedaría coa seguinte redacción:

Artigo 11.1 “1.-A medalla de honor, que só se poderá outorgar a El Rey, Presidente do Goberno, da Xunta ou Ministros, consistirá nunha medalla de ouro e brillantes co escudo municipal, no anverso e no reverso, no borde superior a inscrición referida ao grado de nomeamento, no centro “Concello de Vedra” e no borde inferior o nome do/a beneficiario/a. Terá forma ovalada de 45 mm de altura e 35 mm de anchura, con argola e asa, e irá pendente dunha cinta de seda de cor verde, igual ao do escudo heráldico municipal. As medallas de ouro, prata e de bronce serán acuñadas no correspondente metal, e o mesmo deseño que a de honor. Cando se trate dalgunha entidade ou corporación, a cinta será substituída por unha gravata da mesma cor, para que poida ser enlazada á bandeira ou insignia que deba de ostentala.

A medalla miniatura ou distintivo de solapa será idéntica á medalla, salvo nas súas dimensións, que son 18 mm de altura e 14 mm de anchura, con cinta e pasador argola”

Art. 13.º.2 “O diploma será estendido en deseño artístico”.

SEGUNDO.- Someter o presente acordo á información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de 30 días hábiles, co fin de que poidan presentar as reclamacións ou suxestións que estimen pertinentes, coa publicación de anuncio no Boletín Oficial de Provincia, e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>).

Simultaneamente o texto íntegro da modificación estará a disposición para a súa consulta na paxina web do concello, na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>) e no portal de transparencia (https://sede.vedra.es/sxc/es/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Documentos_Sometidos_Informacion_Publica/InformacionPublica.html)

TERCEIRO.- Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da modificación do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes

3º.- Acordo, se procede, sobre proposta da entidade U.D Val do Ulla para que o campo de fútbol municipal do Coto pase a denominarse Campo de Fútbol Municipal do Coto Juan Castro (Expediente núm. 2025/X998/000020)

Dáse conta do escrito presentado pola entidade U.D. Val do Ulla, na que con motivo do recente pasamento do veciño da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, D. Juan Manuel Castro Fernández, e tendo en conta o seu traballo en prol da veciñanza de maneira totalmente altruísta e desinteresada nos últimos 40 anos, tanto nas asociacións veciñais coma no fútbol e na música.

Amante do fútbol e da música, destacou como presidente dos equipos Airiños do Ulla C.F e Boqueixón – Airiños C.F., en varias das súas fases, sendo dirixente case toda a súa vida, sendo presidente na última época da U.D. Val do Ulla ata que a súa saúde llo permitiu.

No momento do seu falecemento era Presidente dende había máis de 15 anos da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla do Concello de Vedra, levándoa a lograr metas dificilmente imaxinables na súa fundación, sen esquecer a súa relación coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, na que sen ser músico era un membro máis dela.

Pola súa traxectoria e a proposta da asemblea extraordinaria de socios da U.D. Val do Ulla, celebrada o día 16.03.2025, proponse ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a proposta de denominación honorífica do Campo de Fútbol de O Coto como Campo de Fútbol Municipal do Coto “Juan Castro”

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública por prazo de vinte días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>) e no taboleiro de anuncios do concello.

De non presentarse alegacións no trámite de información pública, o acordo elevarase a definitivo.

Intervén a Presidencia para sinalar que todos coñecían a Juan e que lle parece unha proposta moi acaída. Se algunha persoa merece algún tipo de recoñecemento, non dubida de que Juan era unha delas. Foi unha persoa que traballou polos demais de xeito altruísta e desinteresado toda a súa vida. Participou en todo o que podía participar na súa parroquia e máis alá da mesma.

Amante do fútbol, foi en varias ocasións presidente e directivo das distintas etapas do equipo de fútbol da parroquia e era un membro máis da banda de música de Santa Cruz. Presidiu a escola de música os últimos quince anos e con el acadaron cotas inimaxinables.

O importante é que sempre foi unha persoa conciliadora, disposta ao diálogo, sempre tiña unha palabra amable e comprendía todas as situacións das persoas e intentaba atopar unha solución. Nunca lle viu un mal xesto, unha mala palabra nin un enfado.

A súa xenerosidade demostrase estando á fronte da escola de música ata o último momento a pesares da súa enfermidade.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que era unha persoa cunha forte vinculación tanto co fútbol como coa escola de música na súa parroquia. Quedou demostrado no seu pasamento o cariño que lle tiñan os veciños.

O seu grupo vai apoiar a proposta.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que xa está todo dito, tanto respecto do equipo de fútbol, como da escola de música. Van apoiar a proposta.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

4º.- Acordo sobre concesión da Medalla de ouro do Concello de Vedra a don Carlos J. Méndez –Losada Abalo (Expediente núm. 2025/X999/000056).

O Regulamento municipal para a concesión de condecoracións, honores e distincións do Concello de Vedra, aprobado polo Pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o día 19 de setembro de 1997, establece no seu capítulo V da Medalla de Vedra, artigo 10, que a Medalla de Vedra é unha recompensa municipal creada para premiar méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións, tanto nacionais como estranxeiras, por ter prestado servizos ao concello ou dispensando honores a el.

Tendo en conta a súa traxectoria profesional e o extraordinario labor levada a cabo, como Secretario –Interventor municipal, dende outubro de 1987 ata a súa xubilación en xuño de 2024, por don Carlos J. Méndez-Losada Abalo, propónse ao Pleno a concesión da Medalla de ouro do Concello de Vedra.

A Presidencia di que é un recoñecemento merecido. Dificilmente haberá un secretario/a no concello que contribúa e axude máis ao crecemento, desenvolvemento e avance deste concello; non só no ámbito administrativo e de atención cidadá, senón tamén facilitando e favorecendo a implantación de máis servizos que melloraron a vida da veciñanza vedresa. Cre que foi o mellor secretario que un concello podía ter a medida que avanzaba a democracia. Dun carácter extraordinariamente afable e educado, as súas portas estaban sempre abertas para todos e sobre todo para os traballadores municipais dos que sempre foi o primeiro defensor; por suposto para todos os políticos de calquera signo que estiveran no grupo de goberno ou na oposición.

O Sr. Pose, do BNG, só quere engadir e gabar a extraordinaria paciencia que tiña.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que foi unha excelente persoa. Case como un pai para os traballadores, dende os máis novos ata os máis veteranos. Destaca o seu carácter respectuoso con todas as ideas políticas e formas de pensar.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á liña baixo demanda do transporte metropolitano ente Sarandón e Ponte Veá, di que polo que lle consta a día de hoxe non volveu haber problemas e está funcionando correctamente.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre as obras do parque de San Xián, di que son conscientes dos problemas. Non tiveron moita sorte coa empresa adxudicataria, pero xa están en marcha tanto as reclamacións á empresa, como as reparacións do parque.

6º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que a pista que baixa dende a destilería ata Caxaraville quede arranxada nunha situación razoable, porque agora mesmo está dun xeito deplorable.

2º.- Solicita as analíticas mensuais das augas de consumo municipais e a análise completa anual dos últimos cinco anos, que teñen que estar arquivadas no concello de acordo co Real Decreto sobre calidade de augas de consumo do 2003, e posterior modificación no 2016.

3º.- Solicita tamén o resto das analíticas de augas públicas relacionadas co concello dos últimos cinco anos que estean fóra do real decreto antes mencionado, como por exemplo as de Outeiro en Vilanova.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta cantas prazas vacantes quedaron na Escola Infantil Municipal. Se non quedaron prazas vacantes, pregunta cantos nenos e nenas quedaron sen praza para o vindeiro curso.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.

Asdo: A Secretaria: Mercedes Pereiras Caldelas

Asdo: O Alcalde: Carlos Martínez Carrillo